

Bibliotecas pola aprendizaxe permanente

Declaración de Toledo sobre a alfabetización informacional (ALFIN)

Estamos inmersos nunha sociedade do coñecemento, na que debemos aprender durante toda a vida e desenvolver habilidades para usar a información de acordo cos obxectivos persoais, familiares e comunitarios, sempre en ámbitos de inclusión social, preservación e respecto intercultural. Así o afirman organismos internacionais en numerosas declaracións e, do mesmo xeito, así o asumen os profesionais da información a través de institucións como IFLA e manifestos como a Declaración de Praga —cara a unha sociedade alfabetizada en información— e a Declaración de Alexandría sobre a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida.

A alfabetización informacional é unha ferramenta esencial para a adquisición de competencias en información, así como para o desenvolvemento, participación e comunicación dos cidadáns. Fanse necesarios coñecementos sobre o acceso á información e o seu uso eficaz, crítico e creativo. Por este motivo, profesionais da información e da educación do Estado español reuníronse en Toledo no seminario de traballo **"Biblioteca, aprendizaxe e cidadanía: a alfabetización informacional"**, co fin de analizar a aplicación do concepto e a situación dos programas de alfabetización informacional en España, así como para propoñer as liñas e actuacións prioritarias nos diferentes ámbitos territoriais. Tras o seu debate, comunícanlle á sociedade en xeral, autoridades, institucións, axentes sociais e profesionais as seguintes consideracións:

1. As bibliotecas e o seu persoal contribúen ao mantemento e mellora dos niveis educativos de toda a poboación, grazas ás súas instalacións, recursos e servizos, así como polas actividades de formación e promoción da lectura que realizan.
2. As bibliotecas e os centros de información deben deseñar e poñer en práctica actividades de formación de xeito eficaz e en coordinación coas institucións responsables da provisión de formación nas competencias básicas.
3. As institucións deben fomentar o desenvolvemento profesional permanente do persoal das bibliotecas, para conseguir unha actualización constante na información de todo tipo que lles afecte aos colectivos aos que se atende.
4. As bibliotecas deben ter unha política formativa específica de todo o seu persoal, que permita actuar na alfabetización dos cidadáns e das cidadás no uso da información e que posibilita traballar en favor da aprendizaxe permanente.
5. O sistema educativo obrigatorio é a base inicial para a capacitación no uso da información, polo que é preciso darlle protagonismo á biblioteca escolar como centro de recursos para a aprendizaxe e a adquisición de competencias.
6. Os plans de estudo das universidades que forman profesionais da información deberían integrar contidos relativos á alfabetización informacional e ás cuestións pedagóxicas necesarias para o seu ensino.
7. As asociacións profesionais deben darlles prioridade na súa oferta de actividades de formación continua aos novos retos que impón a alfabetización informacional e a aprendizaxe ao longo da vida.
8. Os axentes implicados na promoción da alfabetización informacional deberían establecer foros locais, provinciais, autonómicos e estatais, que se convertan en plataformas de reflexión, difusión e cooperación interinstitucional.

9. Os puntos prioritarios de reflexión para estes foros que poderían constituír os primeiros pasos nunha axenda nacional de promoción da alfabetización informacional, deberían ser:

9.1. Elaboración dun modelo e marco propio para as competencias fundamentais incluídas na alfabetización informacional.

9.2. Elaboración dunha proposta curricular de alfabetización informacional que se adapte a contextos bibliotecarios, disciplinares, de aprendizaxe e vitais diferentes, segundo os segmentos de poboación aos que vaian dirixidos.

9.3. Realización dun programa de actividades para a concienciación social acerca da necesidade da alfabetización informacional.

9.4. Recollida sistemática de exemplos das mellores prácticas en avaliación de programas de formación e de certificación de niveis individuais.

9.5. Creación, mantemento e actualización dun sitio web específico sobre alfabetizacións e competencias fundamentais, como centro de recursos e apoio aos foros e iniciativas que se desenvolvan.

9.6. Identificación de socios claves nos distintos ámbitos para o establecemento, actualización, promoción e difusión da axenda de actuacións.

9.7. Establecemento dun mecanismo eficaz e fluído de participación na axenda internacional para a alfabetización ao longo da vida, que teña en conta as competencias e responsabilidades de cada ámbito de actuación.

10. A cooperación para o desenvolvemento das competencias fundamentais e as alfabetizacións debe orientarse en dúas direccións:

10.1. Por unha parte, os profesionais da información deben traballar na interacción entre teoría e práctica profesional, así como procurar a cooperación entre centros de información, co fin de que a formación informacional teña progresión e actúe de acordo cos seus obxectivos educativos.

10.2. Por outro lado, as institucións, organismos e profesionais interesados na promoción das competencias informacionais deberían establecer relacións entre si, para a coordinación e o desenvolvemento de actividades conxuntas.

Os asistentes ao Seminario de Toledo comprométense a realizar ante as institucións, organismos e asociacións do ámbito profesional e xeográfico ao que pertencen cantas accións sexan pertinentes para lograr o apoio público ás consideracións reflectidas neste documento e o seu compromiso de actuación en favor da alfabetización informacional.

En Toledo, o 3 de febreiro de 2006